

## **INSTRUCCIÓN CONXUNTA 1/2022, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E DA DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, SOBRE A XESTIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE DE ESCOLARES NO CURSO ESCOLAR 2022-2023**

### **1. Obxecto**

A presente instrución dítase con obxecto de fixar para o curso 2022-2023 as liñas xerais de organización e funcionamento do transporte de escolares, tanto respecto dos servizos prestados directamente pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades como para os servizos integrados prestados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Porén, a presente instrución pode resultar condicionada polas medidas que, en materia de transporte escolar, establezan, no seu caso, os protocolos ditados en situacións de emerxencias.

### **2. O ámbito de aplicación**

Esta Instrución será de aplicación directa durante o curso 2022-2023 ás rutas de transporte especial de escolares que cursen ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria en centros docentes públicos, nas que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, ademais das súas competencias educativas, exerza como contratante e xestor do servizo.

Igualmente, aplicarase en todo o que resulte de aplicación ao transporte de escolares que se presta mediante servizos integrados nos que existe reserva de praza a favor de escolares, respecto das competencias en materia educativa que dita consellería conserva nas rutas de transporte público regular de uso xeral integradas, que trasladan escolares que cursan ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria en colexios públicos.





Para os efectos desta resolución, considerarase usuario con dereito a transporte escolar gratuito o alumnado cuxo domicilio se encuentre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.

Para poder ser usuario con dereito ao servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida ou contar cun ditame de escolarización forzosa emitido pola Administración Educativa.

Neste senso, excepcionalmente, pode considerarse como domicilio do alumnado o daqueles familiares cos que o menor efectivamente conviva. Nestes supostos excepcionais non é suficiente a xustificación do domicilio mediante unha certificación do padrón municipal, sendo requisito imprescindible para a súa consideración a xustificación dunha convivencia real mediante certificación específica expedida para tal efecto polo concello, a partir de informes da Policía Local ou da Garda Civil, agás no caso de menores en situación de acollemento, no que as familias de acollida presentarán unha fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.

Do mesmo xeito, para manter a condición de usuaria/o con dereito, é necesario que se faga un uso continuado do transporte escolar, entendido este como o uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso 2022-2023.

Os usuarios con dereito a transporte escolar ou do integrado que non fagan uso do transporte escolar de xeito continuado perderán dita condición de usuario con dereito, e, conseguintemente, non terán acceso preferente ao comedor escolar. As direccións dos centros serán responsables de supervisar a correcta utilización dos servizos e da xestión das baixas daqueles usuarios que non cumpran a anterior obriga.

No suposto en que o comedor escolar de referencia tivera máis solicitudes que prazas autorizadas, e a condición de usuario con dereito a transporte escolar fora determinante para obter unha praza no comedor, o alumno ou alumna que perdesse a súa condición de usuaria con dereito por non facer voluntariamente un uso continuado do transporte escolar, perderá a



praza obtida, que deberá ser asignada polo Consello Escolar ao seguinte na lista de espera.

### **3. As funcións das direccións dos centros**

As irregularidades ou deficiencias que se observen cada día, de ser o caso, na execución do servizo, deberán ser comunicadas polas direccións dos centros aos Servizos Provinciais de Apoio aos Servizos Educativos da correspondente Xefatura Territorial coa maior exactitude e con carácter urxente, con indicación do número de contrato no caso de servizos de uso especial, e do código de expedición no dos servizos integrados, indicando as circunstancias que concorran e achegando os medios probatorios de que dispoñan. Tamén deberán ser comunicadas con carácter urxente as incidencias non contractuais, como accidentes, manobras non permitidas, etc. As ditas denuncias motivarán as oportunas investigacións por parte dos Servizos Provinciais de Apoio aos Servizos Educativos e, no seu caso, a apertura de expedientes de incumprimentos contractuais por esta Secretaría Xeral Técnica.

Pola súa parte, no caso de servizos integrados, o Servizo Provincial de Apoio aos Servizos Educativos dará traslado das ditas queixas ao Servizo de Mobilidade correspondente.

Así mesmo, os Servizos de Mobilidade porán en coñecemento dos Servizos Provinciais de Apoio aos Servizos Educativos daquelas incidencias que puideran acontecer na prestación do servizo, das que teñan coñecemento por calquera medio. Dentro destas incidencias inclúense os eventuais supostos de traslado por parte do concesionario do servizo de queixas relativas ao mal comportamento ou problemas graves de conduta dos escolares.

Os Servizos Provinciais de Apoio aos Servizos Educativos e os Servizos de Mobilidade procurarán darse traslado, reciprocamente, dos resultados das actuacións que leven a cabo logo da recepción das anteriores incidencias.

É función do equipo directivo proceder á asignación dos usuarios sen dereito que soliciten o transporte, nos supostos nos que consonte coa presente instrución se admite a dita posibilidade, e á ordenación, de ser o caso, destes usuarios, ponderándoos de acordo co apartado 5º da epígrafe 3.





#### **4. O uso do servizo por persoas distintas dos seus usuarios con dereito**

Sen prexuízo do disposto no apartado 1 desta Instrución, ante a eventualidade de que haxa vehículos que contén con prazas vacantes nas rutas de transporte escolar xestionadas pola Consellería de Educación, e co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles, poderase autorizar o uso do servizo aos colectivos seguintes :

**1º. Ao alumnado de ensino obrigatorio, FP Básica e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios, do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada.**

Se ben este alumnado non ostenta a condición de usuario con dereito a transporte escolar, pode excepcionalmente usar o servizo, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

Para o efecto, os centros de ensino cargarán na aplicación informática "Transporte escolar" o alumnado que solicite o uso excepcional e teñan praza nas rutas de transporte escolar xestionadas pola Consellería de Educación, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade do alumnado, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado, etc. Os servizos provinciais de apoio aos servizos educativos validarán na mesma aplicación informática a idoneidade destes usuarios sen dereito, que poderán facer uso do mesmo a partir dese momento.

A utilización das prazas baleiras serao en precario, de xeito que decaerán se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.



En ningún caso comportarán preferencia algunha no acceso ao comedor escolar, a cal só deriva da condición de usuarios con dereito a transporte escolar.

A utilización das prazas baleiras estenderase unicamente ao curso escolar 2022-2023. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

No caso dos servizos integrados, non se realizará reserva de praza a favor destes escolares, quen, sempre que haxa prazas dispoñibles, poderán facer uso do servizo en condicións análogas, sen que se modifiquen as rutas nin se cren novas paradas agás nos supostos previstos na letra c) do apartado cuarto desta instrución; para que o acceso ao servizo integrado non teña custo económico para as persoas usuarias, poderán facer uso da tarxeta de transporte *Xente Nova*, coa que os importes inicialmente abonados seranlles reintegrados pola Xunta de Galicia nos termos previstos para esta tarifa, dos que se ofrece información na web [www.bus.gal](http://www.bus.gal).

## **2º. Ao alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden de acordo coas áreas de influencia fixadas en función dos seus domicilios familiares.**

Se ben este alumnado non ostenta a condición de usuario con dereito a transporte escolar, pode excepcionalmente usar o servizo cando nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario de transporte escolar, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

A tal efecto, os centros de ensino cargarán na aplicación informática "Transporte escolar" ao alumnado que solicite o uso excepcional e teña praza nas rutas de transporte escolar xestionadas pola Consellería de





Educación, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade do alumnado, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado, etc. Os servizos provinciais de apoio aos recursos educativos validarán na mesma aplicación informática a idoneidade destes usuarios sen dereito, que poderán facer uso do mesmo a partir dese momento.

A utilización das prazas baleiras serao en precario, de xeito que decaerán se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Non comportarán en ningún caso dereito de acceso ao comedor escolar nin á súa gratuidade total ou parcial.

A utilización das prazas baleiras estenderase unicamente ao curso escolar 2022-2023. O feito de obter estas autorizacións excepciónais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

No caso dos servizos integrados, non se realizará reserva de praza a favor destes escolares, quen, sempre que haxa prazas dispoñibles, poderán facer uso do servizo en condicións análogas, sen que se modifiquen as rutas nin se cren novas paradas; para que o acceso ao servizo integrado non teña custo económico para as persoas usuarias, poderán facer uso da tarxeta de transporte *Xente Nova*, coa que os importes inicialmente abonados seranlles reintegrados pola Xunta de Galicia nos termos previstos para esta tarifa, dos que se ofrece información na web [www.bus.gal](http://www.bus.gal).

### **3º. Ao alumnado que, por causa de proximidade xeográfica, solicite a utilización de liñas de transporte correspondentes a centros distintos a aqueles nos que estea matriculado.**

Este alumnado poderá solicitar unha autorización excepcional para o uso deste servizo cando nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario de transporte escolar e sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes



- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expeditas pola Xefatura Territorial correspondente, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade do alumnado, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado etc. Esta ponderación será realizada polo centro quen elevará a relación de autorizados excepcionais seleccionados á Xefatura Territorial para que expida as autorizacións. As resolucións que se diten poderán ser recorridas enalzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario, precisándose nelas o feito de que quedarán sen efecto se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

A vixencia das autorizacións comprenderá unicamente o curso escolar 2022-2023. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

Neste suposto correspóndelle aos centros educativos sen liñas de transporte cuxo uso é solicitado por alumnado matriculado no centro, recabar as solicitudes e elevalas á Xefatura Territorial.

No caso dos servizos integrados, non se realizará reserva de praza a favor destes escolares, quen, sempre que haxa prazas dispoñibles, poderán facer uso do servizo en condicións análogas, sen que se modifiquen as rutas nin se cren novas paradas; para que o acceso ao servizo integrado non teña custo económico para as persoas usuarias, poderán facer uso da tarxeta de transporte *Xente Nova*, coa que os importes inicialmente abonados seranlles reintegrados pola Xunta de Galicia nos termos





previstos para esta tarifa, dos que se ofrece información na web [www.bus.gal](http://www.bus.gal).

#### **4º. Ao alumnado de bacharelato, ciclos formativos medios e superiores de FP e programas similares.**

Se ben este alumnado non ostenta a condición de usuario con dereito a transporte escolar, pode excepcionalmente facer uso do transporte escolar **gratuíto**, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto

Para o efecto, os centros de ensino cargarán na aplicación informática "Transporte escolar" ao alumnado que solicite o uso excepcional e teñan praza nas rutas de transporte escolar xestionadas pola Consellería de Educación, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade do alumnado, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado, etc. Os servizos provinciais de apoio aos recursos educativos validarán na mesma aplicación informática a idoneidade destes usuarios sen dereito, que poderán facer uso do mesmo a partir dese momento.

A utilización das prazas baleiras serao en precario, de xeito que decaerán se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Non comportarán en ningún caso dereito de acceso ao comedor escolar nin á súa gratuidade total ou parcial.

A utilización das prazas baleiras estenderase unicamente ao curso escolar 2022-2023. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.





Cómpre salientar neste punto que cada curso escolar recíbense denuncias do alumnado motivadas pola esixencia de pagamento da viaxe por parte das empresas transportistas. Neste punto é preciso reiterar que o alumnado que utilice o servizo nos vehículos que contrata a Consellería de Educación farao de forma absolutamente gratuíta a través da autorización expedida pola Xefatura Territorial de que se trate, trámite que resulta imprescindible para que este alumnado poida gozar do servizo.

Para evitar estas situacións anómalas, é imprescindible a especial atención e a colaboración da dirección e da comunidade educativa dos centros, denunciando, co maior número de probas posible, ante as Xefaturas Territoriais estes feitos sempre que se produzan. As ditas denuncias motivarán as oportunas investigacións por parte das Xefaturas Provinciais de Apoio aos Servizos Educativos e, no seu caso, a apertura de expedientes de penalidade por incumprimento contractual por esta Secretaría Xeral Técnica.

No caso dos servizos integrados, non se realizará reserva de praza a favor destes escolares, quen, sempre que haxa prazas dispoñibles, poderán facer uso do servizo en condicións análogas, sen que se modifiquen as rutas nin se cren novas paradas; para que o acceso ao servizo integrado non teña custo económico para as persoas usuarias, poderán facer uso da tarxeta de transporte *Xente Nova*, coa que os importes inicialmente abonados seranlles reintegrados pola Xunta de Galicia nos termos previstos para esta tarifa, dos que se ofrece información na web [www.bus.gal](http://www.bus.gal).

#### **5º A orde de prelación na concesión de autorizacións excepcionais no caso de insuficiencia de prazas no vehículo.**

No caso de que o número de solicitantes excepcionais de prazas de transporte escolar excedan do número de prazas vacantes nos vehículos, seguirase a seguinte prelación:

Terá prioridade en primeiro lugar o alumnado que teña irmáns e irmás escolarizadas no centro ou que sexan usuarios con dereito, mentres estes permanezan nel.





En segundo lugar, o alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada (con prioridade, á súa vez, do alumnado con discapacidades ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En terceiro lugar o alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil escolarizado en centro distinto do que lle corresponde por área de influencia (con prioridade, á súa vez, do alumnado con discapacidades ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En cuarto lugar o alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil que solicite, por causa de proximidade xeográfica, a utilización do transporte dun centro distinto daquel no que está escolarizado (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En quinto lugar o alumnado de ensinanzas non obrigatorias (con prioridade, á súa vez, do alumnado con discapacidade).

Cando como consecuencia da incorporación de novo alumnado que se produza durante o curso escolar, sexa preciso ceder a praza de transporte a un usuario con dereito, o centro educativo valorará de novo as solicitudes recibidas, cargando na aplicación "transporte escolar" unha nova relación de usuarios sen dereito que se repartirán as prazas sobrantes, aplicando os criterios de preferencia e ponderación recollidos neste apartado 3. De seguido, os servizos provinciais de apoio aos servizos educativos validarán na mesma aplicación informática a idoneidade destes usuarios sen dereito, que poderán facer uso do mesmo a partir dese momento.

## **6º. Alumnado de ensino obrigatorio sen dereito a transporte escolar gratuíto**

Sen prexuízo do indicado nos números anteriores, o alumnado do ensino obrigatorio que non teña a condición de usuario con dereito a transporte escolar, poderá facer uso dos servizos integrados sempre que queden prazas dispoñibles nos mesmos, logo de que por parte do centro correspondente se cargue na aplicación de xestión.



Para tal fin, os centros cargarán este alumnado na aplicación coa condición de "excepcionais", de xeito análogo a como o fan nos servizos de transporte escolar dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, aplicándolles os mesmos criterios de priorización entre o dito alumnado que se establecen no anterior número 5º.

## **5. As peticións de modificación dos itinerarios e de introdución de novas paradas.**

a. Con carácter xeral non se autorizarán desviacións nos itinerarios de transporte escolar e/ou introdución de novas paradas en distancias inferiores a 2 km, nin fóra da zona de influencia do centro, tanto en servizos de transporte de uso especial como en servizos de transporte integrado.

b. En canto aos servizos de uso especial dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cando circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas aconsellen ampliar os itinerarios existentes e/ou introducir novas paradas en distancias inferiores a 2 km, as Xefaturas Territoriais elevarán unha proposta a esta Secretaría Xeral Técnica que, á vista dos informes e das xustificacións que se acheguen, autorizará ou denegará o solicitado.

c. Respecto dos servizos integrados, teranse en conta os seguintes criterios:

i) Respecto dos denominados usuarios "con dereito", introduciranse todos os cambios que resulten precisos nos contratos de concesión a fin de garantir o dereito ao transporte escolar gratuito nos supostos nos que as novas paradas cumpran o requisito de distar máis de 2 kms do centro escolar e da parada máis próxima, logo da comunicación por parte do órgano competente en materia de Educación do recoñecemento daquela condición de usuarios con dereito ao sistema de transporte, ao Servizo de Mobilidade competente sobre o correspondente contrato de concesión.





ii) Adicionalmente, autorizaranse con carácter excepcional novas paradas situadas entre 1 e 2 kms do centro escolar ou da parada máis próxima, cando se dean, conxuntamente, as seguintes circunstancias:

- O seu establecemento requirirá o informe do Servizo Provincial de Apoio aos Servizos Educativos sobre as circunstancias específicas que xustifiquen a súa autorización, tales como as especiais condicións orográficas da zona, as condicións de seguridade viaria, a existencia de limitacións de mobilidade por parte dos escolares, ou a concorrencia doutras circunstancias concretas e extraordinarias no ámbito territorial, nas persoas usuarias ou nas súas familias.
- A nova parada non prexudique o mantemento da funcionalidade do servizo para o conxunto das súas persoas usuarias; concretamente, non se poderá autorizar estes cambios cando poidan determinar un incremento nos tempos de viaxe por riba dos previstos na normativa sobre condicións de seguridade no transporte de escolares e menores.
- Que a ampliación do itinerario, tomando en consideración o conxunto de solicitudes en tramitación que afecten a un mesmo contrato de concesión, non supoña un incremento do custo económico do servizo de transporte para a Administración.
- A autorización da nova parada efectuarase polo Servizo de Mobilidade responsable do contrato de concesión mediante a adopción de medida cautelar inmediatamente executiva, sen prexuízo do seu carácter provisional, podendo levantarse, modificarse ou manterse na resolución do correspondente expediente, e condicionando o seu mantemento no tempo a que se manteña o requisito do apartado anterior, aínda no suposto de incorporación de paradas consonte co indicado no punto i).

Estas mesmas regras poderán aplicarse no caso de paradas situadas a entre 500 metros e 1 km do centro escolar ou da parada máis próxima. Neste caso, xunto co cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, ponderarase a concorrencia de supostos análogos no ámbito territorial. A autorización das novas paradas corresponderá ao Servizo de



Mobilidade responsable do contrato de concesión, quen, neste último suposto, informará á Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte de cada unha das autorizacións outorgadas e os motivos que as fundamentaron.

iii) Para crear calquera parada que diste menos de 500m da parada máis próxima, así como no suposto de que non encaixen en ningún dos casos previstos anteriormente, antes de proceder a ditar resolución o responsable do contrato de concesión deberá solicitar informe da Dirección Xeral de Mobilidade, para os efectos de establecer actuacións e criterios coordinados ao respecto.

iv) No caso de escolares con dereito por escolarización forzosa, o Servizo Provincial de Apoio aos Servizos Educativos dará traslado ao Servizo de Mobilidade correspondente para efectos da valoración da viabilidade de atender a nova demanda coa oferta de servizos existentes, quen informará directamente e de modo favorable no caso de que resulte viable a súa prestación cos ditos medios materiais e humanos dispoñibles no contrato de concesión que corresponda. En cambio, no caso de requirir maiores recursos humanos ou materiais non previstos no contrato de concesión, o dito servizo analizará o custo económico e remitirá o correspondente informe á Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte, que o porá en coñecemento da Vicesecretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para efectos de que por parte desta consellería se valore a posibilidade de prestar directamente o servizo, ou asumir aquel incremento de custo e que sexa prestado por parte dos servizos integrados; igualmente, a dita Vicesecretaría Xeral poderá promover que o caso concreto sexa analizado no seo da Comisión Interdepartamental de Coordinación do Proceso de Implantación do Sistema de Transporte Integrado de Galicia, comisión que adoptaría a decisión definitiva sobre o mesmo.

d. En todo caso, as peticións de cambios nos itinerarios de transporte existentes e de creación de paradas deberán obrigatoriamente presentarse cos datos de xeolocalización que correspondan. As peticións de novas paradas en servizos integrados realizaranse consonte co modelo que elaborará a Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte, logo da





súa validación conxuntamente coa Vicesecretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

As resolucións das Xefaturas Territoriais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderán ser recorridas en alzada ante a Secretaría Xeral Técnica da dita consellería, e as dos Servizos de Mobilidade poderán ser recorridos ante a Dirección Xeral de Mobilidade, as cales resolverán o que corresponda e o notificará aos recorrentes e ás citadas Xefaturas.

## **6. A necesidade de autorización previa da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades**

Toda contratación de novos servizos de uso especial, sexa do tipo que sexa, estará presidida por criterios de racionalidade e austeridade do gasto público, e requirirá para a súa tramitación a previa autorización desta Secretaría Xeral Técnica.

Calquera baixa ou modificación dos servizos de transporte escolar vixentes requirirá igualmente para a súa tramitación da previa autorización desta Secretaría Xeral Técnica.

## **7. Mantemento da aplicación informática TRANSPORTE ESCOLAR**

a. Servizos regulares de uso especial, contratados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

O 23 de xuño estarán dispoñibles os servizos na aplicación transporte escolar para que as direccións dos centros procedan a asignación do alumnado aos ditos servizos.

As Direccións dos centros de ensino que dispoñan de rutas de transporte escolar teñen como obriga inescusable introducir a totalidade dos datos delas na aplicación informática TRANSPORTE ESCOLAR. Neste sentido, a dirección de cada centro comprobará e completará os datos de cada un dos alumnos e alumnas asignados/as ás paradas existentes en todas as rutas ao centro, incluíndo os correspondentes ao alumnado escolarizado noutros centros autorizados con carácter excepcional, pechando a introdución da totalidade dos datos precisos e, polo tanto, os servizos antes do 30 de setembro de 2022. De producirse modificacións durante o



resto do curso, a dirección do centro cursará petición á Xefatura Territorial de que se trate, a fin de que a autorice e, no seu caso, abra de novo o servizo na aplicación para que a dirección do centro incorpore os datos correctos e volva pechar o servizo.

A completa carga na aplicación TRANSPORTE ESCOLAR dos datos actualizados do alumnado, paradas e rutas existentes é imprescindible para unha axeitada xestión do servizo e para poder aplicar, no seu caso, o Protocolo de actuación nos supostos de alertas meteorolóxicas.

As direccións dos centros proporcionaranlles aos transportistas as listaxes xeradas pola aplicación nas que conste o alumnado usuario de cada ruta en canto estean pechados os servizos na aplicación, e remitiranlles as actualizacións dos devanditos listados cando se produzan modificacións ao longo do curso que xa contén coa autorización da Xefatura Territorial.

b. Servizos de transporte público regular de uso xeral, integrados, xestionados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Os servizos públicos integrados xestionados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade manterán permanentemente actualizada a información referente a ruta, paradas, calendarios e horarios, mediante a vinculación das aplicacións Otrans e Transporte Escolar. Polo tanto, os centros disporán **dende o 23 de xuño** das ditas rutas para a introdución das reservas de prazas a favor de escolares con dereito a reserva de praza nestes servizos.

As direccións dos centros deberán tramitar a introdución de novas paradas que correspondan ao período ordinario de matrícula **non máis tarde do 8 de xullo**; con carácter xeral, as paradas solicitadas deste xeito serán autorizadas, se procede, e estarán dispoñibles na aplicación Transporte Escolar, **non máis tarde do 31 de agosto**. En setembro poderanse dar de baixa por parte dos responsables das concesións de transporte aquelas paradas que carezan de alumnado asignado e non teñan finalidade en si mesmas como paradas de transporte público regular de uso xeral.

Nestes casos, corresponderá ás direccións dos centros a carga completa do alumnado con reserva de praza con, cando menos, **dous días de**





**antelación á data de inicio das clases no dito centro.** Igualmente, corresponderá ás direccións dos centros o mantemento permanentemente actualizado das ditas reservas de praza atendendo ás altas e baixas do alumnado e, se fose o caso, á perda do dereito ao servizo de transporte gratuíto por falta de uso do mesmo ou calquera outra causa.

A correcta carga e revisión da lista de reservas de praza é esencial para garantir que se dispoña reservada de praza a favor dos ditos escolares nos vehículos e paradas nas que vaian facer uso do servizo, e para a axeitada xestión dos recursos públicos, ao ir asociada directamente a reserva de praza co pagamento que corresponde recibir ás concesionarias destes servizos.

#### c. Criterios aplicables a ambas clases de servizos de transporte

Para a xestión do transporte escolar, tanto do regular de uso especial dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades como do transporte integrado dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, resulta imprescindible o coñecemento dos dous días non lectivos a que teñen dereito os centros educativos. É por esta razón que, trala celebración do Consello Escolar no que se acorden os dous días non lectivos de cada centro educativo e a súa aprobación pola Inspección Educativa, é un deber e responsabilidade da Dirección de cada centro educativo proceder á carga inmediata destes días na aplicación XADE. Unha vez cargados os días en XADE, a aplicación Transporte escolar recollerá de xeito automático este dato e facilitará o acceso ao mesmo por parte da aplicación Otrans.

### **8. Utilización excepcional de dúas paradas por un mesmo usuario con dereito**

Os cambios sociais e económicos experimentados nos últimos tempos comportaron, á súa vez, situacións novas nas familias, ás que, no eido dos recursos educativos complementarios, é imprescindible responder, a fin de non invalidar á súa finalidade orixinaria.

Entre estas novas situacións familiares, cada vez mais numerosas, atópanse as derivadas de incompatibilidades horarias na conciliación da





vida laboral e familiar, así como custodias parentais compartidas, en casos de separacións matrimoniais e divorcios.

Co fin de abordar as problemáticas citadas e darlles a resposta administrativa axeitada, está habilitada na aplicación "transporte escolar" a posibilidade **excepcional**, por parte da dirección de cada centro de ensino con transporte escolar, de asignar a un mesmo alumno ou alumna dúas paradas diferentes das rutas de transporte escolar establecidas ao seu colexio.

A posibilidade excepcional por parte das direccións dos centros educativos de dobre asignación de paradas a un mesmo escolar **unicamente** poderá producirse no caso de que existan prazas baleiras e cando as paradas solicitadas existan nos itinerarios aos colexios e en ningún caso supoña a creación dunha parada nova nin alteración do deseño da ruta ou rutas afectadas, de tal xeito que a única modificación operada nelas se restrinxa á incorporación do alumno ou alumna beneficiario mediante a súa asignación á segunda parada solicitada.

Porén, esta dobre asignación de paradas distintas a favor dun/dunha mesmo/a alumno ou alumna require a previa presentación, por parte das persoas que exercen a titoría e ostentan a garda e custodia do menor transportado, dunha xustificación axeitada das razóns que avalan a necesidade familiar aducida e conseguintemente, esixen a implementación da solución excepcional referida.

Así pois, para poder proceder á asignación de dúas paradas de transporte escolar diferentes a un/unha mesmo/a alumno ou alumna, usuario do transporte escolar, **é necesario que exista o seguinte:**

1º. **Petición formal e expresa**, asinada polas persoas titoras do alumno transportado, que ostenten a súa garda e custodia.

2º. **Xustificación acreditativa** das situacións familiares e/ou laborais que requiren da asignación excepcional de dúas paradas distintas a un mesmo escolar (sentencia ou convenio regulador, atribuíndo a custodia e garda compartida aos pais, informe ou certificación empresarial ou administrativa acreditativa do horario laboral incompatible de ambas as dúas persoas titoras do menor ou dunha, no caso das familias monoparentais).





3º. **Compromiso por parte dos peticionarios de utilización continuada**, ao longo do curso escolar, das dúas paradas de transporte escolar asignadas, no sentido e do xeito fixado na aplicación de xestión, "transporte escolar".

4º. **Constatación pola dirección** do centro escolar da existencia nas rutas establecidas ao colexio da segunda parada solicitada e da dispoñibilidade na ruta de que dita parada forma parte de prazas libres.

Unha vez avaliadas polo centro de ensino as peticións e as xustificacións presentadas e comprobada a existencia de prazas libres nos buses, os colexios implementarán na aplicación "transporte escolar" a dobre asignación de paradas, cuxa idoneidade terá que ser validada antes da súa utilización polos servizos de recursos educativos complementarios provinciais. Feito isto, os centros de ensino comunican a dobre asignación autorizada ás familias e as empresas de transporte escolar, adxudicatarias dos servizos; e, no caso de servizos integrados, tamén ao Servizo Provincial de Apoio aos Servizos Educativos para o seu traslado ao Servizo de Mobilidade que corresponda.

Pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  
Manuel Vila López

Pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade  
Ignacio Maestro Saavedra

(documento asinado dixitalmente)

